



BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO "ECOTUR XUVENIL III"

O obradoiro de emprego "ECOTUR XUVENIL III" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, cofinanciado pola Iniciativa de Empleo Juvenil e o Fondo Social Europeo, e promovido polo **Concello de Santiago de Compostela**.

A/s especialidade/s a impartir é/son a/s seguintes:

- Instalación e Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes (AGO0208). **8 alumnos/as**, e
- Colocación de Pedra Natural (IEXD0409) **7 alumnos/as**.

As actuacións a realizar son as seguintes:

1.- "Acondicionamento do Rio Sar: Ponte Suarribas a Ponte da Fervenza".

O obradoiro terá unha duración de **6 meses** e formará a **15 alumnos/as traballadores/as**. O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 1 Experto/a docente en Instalación e Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes (xorn. completa)
- 1 Experto/a docente en Colocación de Pedra Natural (xorn. completa).

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

Grupo de traballo mixto:

O grupo de traballo mixto ou comisión de selección estará formado por catro persoas, dúas en representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña e dúas en representación da entidade promotora. A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá nunha das persoas que actúan en representación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña. **Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo mixto nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.**

[Handwritten signatures and initials in blue ink on the right margin]



O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do grupo de traballo mixto, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña ou a persoa titular da entidade promotora, segundo sexa o caso.

O presente proxecto terá como **data límite prevista para o seu inicio o 30/09/2017**, segundo se establece na Orde do 29 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG núm 70, do 10 de abril de 2017).

Procedemento de selección alumnado-traballador/a:

Localidade: Ámbito do Concello de Santiago de Compostela. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Mozos e mozas desempregados, inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sen que se requira a súa inscrición como demandantes de emprego, sempre que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran nos artigos 2 e 10 da Orde do 29 de decembro de 2015, (DOG núm 248, do 30 de decembro de 2015), e no artigo 105.3 da Lei 18/2014 de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia e no Programa operativo de emprego xuvenil 2014-2020, segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados. (art. 2.3).

O grupo de traballo mixto poderá excluír do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de Santiago Norte**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo mixto.

A selección definitiva dos/as 15 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo grupo de traballo mixto que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego e unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



O grupo de traballo mixto poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de traballo mixto.

O grupo de traballo redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

Procedemento selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Santiago-Norte, para logo proceder á selección definitiva dos/as candidatos/as.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e terán preferencias as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido **se atopen en situación de desemprego** (artigo 11.7).

O grupo de traballo mixto determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será o Concello de Santiago de Compostela, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos **do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertencen os concellos promotores** e de ser necesario, a toda a provincia.

A oficina de emprego comunicará os/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica, que se xustificaran co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - ✓ Traballo por conta allea: Contratos de traballo, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
 - ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.
 - ✓ Traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremo, nin terá lugar a entrevista.

DÚAS FASES:

O grupo de traballo mixto valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta. A relación provisional das puntuacións outorgadas na primeira fase do proceso selectivo será exposta nos taboleiros da entidade promotora, da xefatura territorial e da **oficina de emprego de Santiago-Norte**, así como na páxina web da entidade promotora debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

O grupo de traballo mixto citará ás persoas candidatas admitidas para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados.

Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de traballo mixto. O grupo de traballo mixto levará a cabo as entrevistas, as valorará e redactará as correspondentes actas que se remitirán á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**).

(Handwritten signatures and notes in blue ink)



Xefatura Territorial da Coruña
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

A Santiago, 10 de agosto de 2017

Pola Consellería de Economía, Emprego e Industria:

Natividad Moeira Arincón
Director/a da O.E. de Santiago Norte

Lorena Rey Filgueira
Xefe de Sección O.E. de Santiago Norte

Pola entidade promotora:

Fco. Javier Berreiro Campos
Responsable de Emprego.

Milagros Ces Tarrío
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local



BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIONS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía, Emprego e Industria, entidade promotora e empresarioado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ante o Concello de Santiago as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
4. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
5. Colaborar co mestre de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
6. Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
7. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
8. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria:

Licenc. en Ciencias políticas y de la Administración, CAP. Formación complementaria preferente: xestión educativa e de RR.HH.

Indicarase na oferta de emprego a experiencia profesional mínima se fora o caso.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Master universitario relacionado, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.30 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.15 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

P.O. DE EMPREGO XUVENIL. Período de programación 2014 - 2020

(Handwritten signatures and marks on the right margin)



Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,25 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **7 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
 - Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.
A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se tera en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempregado/a:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.
A **puntuación máxima** que se poderá acadar por este apartado é de **2 puntos**.

Entrevista:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo** de **6 puntos**.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

P.O. DE EMPREGO XUVENIL Período de programación 2014 - 2020



BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

FUNCIONS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Serán contratados 2 mestres a xornada (xornada completa):

Experto/a docente Instalación e Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes

Experto/a docente en Colocación de Pedra Natural

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Experto/a docente Instalación e Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes

Nivel académico:

Os recollidos no R.D. 1375/2008, que establece o certificado de profesionalidade de Instalación e Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes: 1 ano de experiencia na especialidades para licenciados, enxeñeiros, ou 3 anos de experiencia na especialidade para persoas sen a acreditación requirida.

Experto/a docente en Colocación de Pedra Natural

Nivel académico:

Os recollidos no R.D. 713/2011, que establece o certificado de profesionalidade de Colocación de Pedra Natural: 1 ano de experiencia na especialidades para Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalente, ou 3 anos de experiencia na especialidade para persoas

(Handwritten signatures and initials in blue ink)

P.O. DE EMPREGO XUVENIL Período de programación 2014 - 2020



sen a titulación requirida.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada á escola ou obradoiro:

- Licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0.75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos
- Título de técnico superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.30 puntos.
- Título de técnico da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.15 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**. A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,25 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 3 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **7 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
 - Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
 - Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
 - Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
 - Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto
- A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

[Handwritten signatures and initials in blue ink]

P.O. DE EMPREGO XUVENIL Período de programación 2014 - 2020



Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempregado/a:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.
A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de **2 puntos**.

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación con mozos e mozas, así como a interacción, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un **máximo de 6 puntos**.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Empleo modificada pola circular 2/2002.

(Handwritten signatures and initials in blue ink)



OBRADOIRO DE EMPREGO ECOTUR XUVENIL III
BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS
PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

CRITERIOS		PUNTOS
Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas		6
Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema		4
Discapacidade \geq 33%		1
Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
	De 20 ata 22 anos	1
	De 22 ata 24 anos	2
	De 24 ata < 30 anos	3
Experiencia laboral	Ningunha	3
	Ata 12 meses	2
	\geq 12 meses	1
Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
	Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5
Entrevista	Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.	8